

Reunión Ordinaria da Comisión de Titulación do Grao en Enxeñaría Química

Data:

17-12-19

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións do 17/10/2019
2. Informes
3. Aprobación da incorporación de Lonza ao Comité Externo do Grao
4. Méritos docentes para solicitude de quinquenios
5. Accións de mellora
6. Quenda aberta

Asistentes: M.S. Freire, A. Mosquera, M.C. Palacios, R.A. Guerra, E. Rodil, F. Omil

Excusan a súa asistencia: J. González,

O día 17 de decembro ás 12:30 h na Sala X3.2 da ETSE, reúnese a Comisión da Titulación do Grao en Enxeñaría Química cos asistentes que se indican.

1. Aprobación das actas da Comisión da Titulación do 17/10/2019

Apróbase a acta da reunión da Comisión da Titulación do do 17/10/2019.

2. Informes

2.1. Visita de estudantes do IES Santa Irene de Vigo 25/10/2019

O día 25 de novembro alumnos do IES Santa Irene de Vigo visitaron a ETSE e a coordinadora do Grao fíxolles a presentación do mesmo.

2.2. Presentación o día 7 de novembro no CIMUS

O día 7 de novembro. Presentación do semestre de mobilidade do Grao en Enxeñaría Química no CIMUS pola Coordinadora do Grao dentro da *Erasmus+ International Credit Mobility, 4th INTERNATIONAL STAFF WEEK* que tivo lugar entre os días 4 e 8 de novembro de 2019.

2.3. Solicitudes de equivalencia consultadas por correo electrónico

Data do correo	Solicitude	Resposta
17/10/2019	D. A. B. estudios de Enxeñaría Química Universidad de Oriente, Venezuela, por un período de 5 anos. Solicita se lle acepte a equivalencia dos estudos de grao aos estudos de grao da USC para acceder ao Máster de Enxeñaría Química e Bioprocesos.	Infórmase positivamente que reúne requisitos análogos aos dun graduado en Enxeñaría Química na USC.
25/10/2019	J. E. H. A. estudios de Enxeñaría Electrónica na Universidad Santiago de Cali, Colombia. Solicita se lle acepte a equivalencia dos estudos de grao aos estudos de grao da USC co fin de matricularse no Máster Universitario en enerxías renovables, cambio climático y desarrollo sostenible.	Infórmase positivamente que reúne requisitos análogos aos dun graduado na USC.
28/10/2019	F. M. A. T. estudios en Ciencias de la Ingeniería na Universidad de Concepción, Chile. Solicita se lle acepte a equivalencia dos seus estudos de grao aos estudos de grao da USC, co fin de acceder ao Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos.	Infórmase positivamente que reúne requisitos análogos aos dun graduado na USC.
28/10/2019	P. I. A. A. estudios en Ciencias de la Ingeniería na Universidad de Concepción, Chile. Solicita se lle acepte a equivalencia dos seus estudos de grao aos estudos de grao da USC, co fin de acceder ao Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos.	Infórmase positivamente que reúne requisitos análogos aos dun graduado na USC.
28/10/2019	D. I. B. O. estudios en Ingeniería Bioquímica na Universidad Técnica de Ambato, Ecuador. Solicita se lle acepte a equivalencia dos estudos de grao aos estudos de grao da USC, co fin de matricularse no Máster en Innovación en Nutrición, Seguridad y Tecnología Alimentaria.	Infórmase positivamente que reúne requisitos análogos aos dun graduado na USC.

2.4. Modificacións recoñecementos de oficio

No caso do alumno R. D. A. L. por erro non se recoñeceu a materia Informática. Dado que este recoñecemento xa estaba aceptado por resolución reitoral do 03/10/2017 a inclusión da materia realizouse de oficio.

No caso da alumna A. V. non se incluíu no documento de recoñecemento as materia Ciencia de materiais e Termodinámica aplicada que tamén estaban xa aceptadas por resolución reitoral do 03/10/2017 e a súa inclusión realizouse de oficio.

No recoñecemento do alumno M. P. T. non se incluíu a materia Estatística por non ter o xustificante de que estaba aprobada. Con data do 25/10/2019 o alumno fai unha reclamación para que se lle recoñeza e inclúe copia do seu expediente coa materia superada. O día 20/11/2019 se emite un informe para que se lle recoñeza a súa materia de Estatística de Formación Básica e se retire a Estatística do Grao en Enxeñaría Química da USC como materia a cursar. Isto fíxose así por estar a Xestora de Centro de Baixa.

2.5. Matriculación curso ponte

30/10/2019	O alumno J. M. M. M. tivo problemas para matricularse no curso ponte no prazo establecido pola USC debido a incidencias que xa se resolveron. Solicita facer a matrícula fora de prazo no curso ponte de Enxeñaría Química.	Infórmase positivamente que pode realizar a matrícula fora de prazo.
------------	---	--

2.6. Plaxio no TFG

O director da ETSE elaborará unha normativa sobre o plaxio para a ETSE.

Decidiuse aplicar o plaxio e que sexan os membros do tribunal os que empreguen a ferramenta. Será el presidente del tribunal el que o pase el turnitín o decida quen o pasa.

2.7. Modificación da rúbrica do TFG

Seguindo os comentarios e recomendacións feitos polos membros do Comité Externo do Grao en Enxeñaría Química para a mellora da rúbrica e do documento de avaliación do TFG, como

tamén a partires das aportacións feitas dende a súa aplicación por algúns profesores, na comisión do TFG fixemos modificacións dos mesmos. En xeral, os cambios efectuados na rúbrica débense a que os membros do comité externo atopaba dificultades para comprender os aspectos avaliados na nalgún dos apartados. Ademais para eles era moi importante que houbera unha diferenza clara entre o que era un suspenso e un aprobado.

Por outra banda, e para unificar criterios coas outras titulacións como o Mestrado en Enxeñaría Química e Bioprosos, aínda que mantivemos en esencia os contidos que pedíamos inicialmente na rúbrica, a escala de valoración reduciuse de cinco (1 a 5) a catro (1 a 4) valores. Este cambio tamén foi unha recomendación do comité externo. Polo tanto, veredes que contidos que estaban antes en dous apartados aparecen combinados agora nun só.

Por mor destes trocos, o documento de avaliación mudou tamén considerablemente, xa que se reduciu a escala de valoración, se incluíron as notas numéricas asociadas a cada un dos valores da escala e as porcentaxes correspondentes á avaliación de cada apartado. As porcentaxes de valoración dos mesmos tamén se modificaron.

Faltan as porcentaxes no documento de avaliación.

3. Aprobación si procede da incorporación de Lonza ao Comité Externo do Grao

Acordase a inclusión da empresa Lonza no Comité Externo do Grao en Enxeñaría Química.

4. Aprobación se procede dos informes de docencia por mor da solicitude de complementos docentes.

Os criterios de valoración tendo en conta a Normativa da ETSE e da USC son:

- Cumprimento das obrigas docentes
- Resultados das enquisas de satisfacción do alumnado
- Actividade docentes adicionais na planificación das ensinanzas do título

A partires da documentación remitida polo profesorado e a que se posúe nos arquivos da ETSE e a USC, a Comisión acorda aprobar a seguinte valoración (para os períodos solicitados polos profesores/as):

PROFESOR/A	VALORACIÓN
C. N., M. J.	MOI FAVORABLE

F. M., E.	FAVORABLE
G. P., R. A.	MOI FAVORABLE
P. V., E.	MOI FAVORABLE
R. B., E.	MOI FAVORABLE
R. R., E.	MOI FAVORABLE
R. F., Ó.	MOI FAVORABLE
R. M., H.	MOI FAVORABLE
R. B., J. M.	MOI FAVORABLE
V. S., R.	FAVORABLE

5. Accións de mellora

5.1. Accións de mellora 2018-2019

No curso 2018/2019 propuxéronse 11 accións de mellora. Entre elas 6 finalizaron de xeito exitoso neste curso, 3 non se conseguiron (só dúas delas se proporán novamente no vindeiro curso) e outras dúas considéranse finalizadas pero vanse abrir novamente no vindeiro curso.

AM-GrEQ-1: Coordinación entre materias (Contidos e actividades)	
<i>1.1. Reunións para a coordinación entre as materias implicadas</i> 1) Reunión o 15 de marzo de 2019 relativa á materia de Electrotécnica 2) Reunión de coordinación de materias que teñen relación coa materia Proxectos de Deseño de Instalacións o 4 de xuño de 2019.	Finalizada
<i>1.2. Avaliación de resultados nas enquisas de satisfacción</i> Parece que houbo una mellora nas materias que antes tiñan una puntuación baixa.	Finalizada
AM-GrEQ-2: Mellora da rúbrica de TFG	
<i>2.1. Mellorar contidos e porcentaxes de avaliación (comité externo e profesorado)</i> Modificouse a rúbrica segundo os comentarios do comité externo. Modificouse o contido dos apartados de avaliación e tamén o número de items a avaliar e asígnouse un número.	Finalizada
<i>2.2. Coordinar contidos e materias que os imparten</i> A reunión de coordinación de materias do 4 de xuño de 2019 tamén serviu para mellorar o contido dos apartados avaliados.	Finalizada
AM-GrEQ-3: Modelo de exames	
<i>3.1. Incorporar un modelo de exame en cada materia como material adicional</i>	Finalizada

Algúns profesores incorporaron un modelo de exame no campus virtual da materia.	
3.2. <i>Resolución dos modelos nas actividades interactivas</i> Algúns profesores prefiren resolver un modelo de exame nas actividades interativas.	Finalizada
AM-GrEQ-4: Cosmo Walkinside	
Non houbo posibilidade de implementar o curso gratuito. Presuposto elevado e non dispoñible.	Finalizada Non conseguida
AM-GrEQ-5: Formación do profesorado	
5.1. <i>Promover a realización de estancias con fines docentes</i> A profesora A. M. realizou unha estancia de docencia de tres meses en Chile. Pastora el curso pasado en Francia.	Finalizada pero continua no vindeiro curso
5.2. <i>Propor cursos específicos para o PDI</i> Cursos propostos pola ETSE. Charlas de innovación docente (5 cursos).	Finalizada pero continua no vindeiro curso
AM-GrEQ-6: Competencias informacionais no TFG	
6.1. <i>Avaliación da consolidación da competencia</i> O número de alumnos participantes no curso non é suficientemente algo e dado que atópanse problemas asociados ao mal uso da bibliografía precísase reforzar esta formación.	Finalizada
AM-GrEQ-7: Mellora das prácticas de laboratorio	
7.1. <i>Revisión das infraestruturas dos laboratorios</i> Dende o departamento de Enxeñaría Química solicitouse aos profesores información sobre as necesidades materiais para as materias de prácticas de laboratorio e dentro do posible realizáronse as melloras pertinentes. O laboratorio da materia de Enxeñaría Ambiental foi ordeado e limpadado para mellorar os aspectos de seguridade e traballo no laboratorio no mes de novembro de 2018.	Finalizada pero continua no vindeiro curso
7.2. <i>Propostas de reparación ou introdución de novas prácticas</i> Identificáronse melloras e posibilidades para novas prácticas nos laboratorios de Electrotécnica e Transporte de Fluidos e Transmisión de Calor. Inclusión dunha práctica nova para control e outra para electrotécnica.	Finalizada pero continua no vindeiro curso
7.3. <i>Análise da metodoloxía docente</i> Esta tarefa está en proceso. Farase un Consello de Departamento para tratar o tema da metodoloxía da impartición de prácticas.	Finalizada pero continua no vindeiro curso
AM-GrEQ-8: Aumentar a presenza de mulleres no novo ingreso	

<p><i>8.1. Aumentar o número de propostas no programa A Ponte feitas por mulleres</i></p> <p>Neste curso houbo alomenos dúas propostas dentro do programa A Ponte de profesoras do grao (A. M. e A. H.). Ambas recibiron propostas para facer as súas presentacións no vindeiro curso.</p>	Finalizada
<p><i>8.2. Verificar a porcentaxe muller/home de novo ingreso nos vindeiros cursos académicos</i></p> <p>Neste curso académico 2019-20 a porcentaxe subiu ao 38,6% (29% no curso 2018-19)</p>	Finalizada
AM-GrEQ-9: Elaboración de vídeo	
Video dispoñible en http://www.usc.es/enxqu/?q=node/1791	Finalizada
AM-GrEQ-10: Informe específico egresados	
Plan de mellora da Acreditación. Dende a ACMP requirírase da ACSUG a información detallada por títulos de todos os aspectos de seguimento de egresados e facilitarase a devandita información aos centros mediante un informe específico.	Continua no vindeiro curso. Non conseguida
AM-GrEQ-11: Páxina WEB	
En proceso de cambio do formato da páxina web da ETSE e como consecuencia de toda a información da titulación. Proceso que aínda non finalizou.	Continua no vindeiro curso. Non conseguida

5.2. Acción de mellora 2019-2020

AM-GrEQ-1: Control do plaxio no TFG
1.1. Establecemento do proceso de control do plaxio no TFG
1.2. Modificación do regulamento do TFG do Grao en Enxeñaría Química
1.3. Formación do profesorado sobre o plaxio
AM-GrEQ-2: Difusión do grao
2.1. Comisión para a elaboración de propostas para a difusión
2.2. Preparación de actividades de difusión
2.3. Promover actividades para fomentar a matrícula de mulleres
AM-GrEQ-3: Aumentar o número de alumnos que fan o curso de competencias básico informacionais
3.1. Incluír a necesidade de facer o curso de competencias informacionais nunha guía docente de primeiro curso
AM-GrEQ-4: Avaliar as visitas técnicas nas materias
4.1. Revisar/reorganizar as visitas asignadas ás materias
AM-GrEQ-5: Formación do profesorado
5.1. Estandías de docencia

5.2. Avaliación resultados enquisas de satisfacción
AM-GrEQ-6: Avaliar a formación transversal do Aspen Hysys
6.1. Revisar/reorganizar materias e contidos impartidos
AM-GrEQ-7: Mellora das prácticas de laboratorio
7.1. Análise da metodoloxía docente (engadir dous puntos)
7.2. Propostas de reparación ou introdución de novas prácticas
7.3. Análise da metodoloxía docente
AM-GrEQ-8: Informe específico egresados
8.1. Plan de mellora da Acreditación.
AM-GrEQ-9: Páxina WEB
9.1. Coordinación USC-ETSE
9.2. Actualización "formato" páxina web

6. Quenda aberta

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a xuntanza ás 13:50 h.

En Santiago de Compostela, a 17 de decembro de 2019

Asdo.: Anuska Mosquera Corral

Coordinadora do Grao